

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 18 de agosto de 2005 pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador.

As funcións de avaliación e informe das actividades docentes, investigadoras e de xestión, para a contratación de profesorado universitario, previstas tanto pola Lei orgánica 6/2001, de universidades, como polo Decreto autonómico 266/2002, do 6 de setembro, foron atribuídas á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, (ACSUG) dentro do ámbito da súa comunidade autónoma, pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, a través da súa disposición adicional vixésimo sétima.

O Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da xa citada Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, que establece o procedemento para a obtención dos informes e as avaliacións previas, para a contratación e progresión do profesorado universitario indica, na súa disposición derradeira primeira, que os protocolos para avaliar ou informar as actividades docentes, investigadoras e de xestión dos profesores regularanse por orde, e autorízase na disposición derradeira segunda do conselleiro competente en materia universitaria, para ditar as disposicións necesarias de desenvolvemento ou aplicación deste decreto.

A través da Orde do 23 de xuño de 2004 (DOG do 5 de xullo) e da Orde do 7 de setembro de 2004 (DOG do 14 de setembro), establecéronse os procedementos de avaliación e informe da ACSUG, para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia.

A aprobación da Resolución do 18 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Universidades, no ámbito estatal (BOE do 4 de marzo), pola que se establecen distintos supostos en que se entende que os profesores están cualificados automaticamente para seren contratados polas universidades, sen necesidade da avaliación positiva ou informe favorable previo de ningunha axencia, así como a experiencia adquirida pola ACSUG, nos procesos de avaliación e informe realizados ata o momento, fan aconsellable a modificación dalgúns aspectos relativos aos procedementos de avaliación e informe citados anteriormente.

En concreto, nesta orde establécense, como non podía ser doutro xeito, tendo en conta a regulación estatal mencionada así como a normativa autonómica de aplicación, os requisitos e criterios que en deter-

minados supostos outorgan, a quen os cumpra, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador.

Coa publicación desta orde aféctase a totalidade do procedemento establecido pola do 7 de setembro de 2004 (DOG do 14 de setembro), ao concederse a cualificación automática, sen necesidade de solicitala á ACSUG, para ser contratados polas universidades de Galicia, en determinados supostos en que os profesores pertencen a corpos docentes universitarios ou se atopen habilitados de conformidade coa LOU, motivo polo que se considera adecuado a derogación da citada disposición.

Non obstante, o procedemento de avaliación establecido pola Orde do 23 de xuño de 2004 (DOG do 5 de xullo), non se modifica en absoluto, ben que se establecen nesta orde distintos supostos de cualificación automática para os profesores que obtivesen a avaliación positiva da ACSUG para determinadas figuras contractuais.

Dun xeito similar ao indicado no parágrafo anterior, faise tamén referencia á validez das avaliacións e informes feitos polos órganos que outras comunidades autónomas determinen, sempre que exista convenio previo ou concerto coa Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade desta orde, (debemos ter en conta a disposición adicional primeira da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da 30/1992, do 26 de novembro) responde por un lado, á necesidade da simplificación dos procedementos administrativos vixentes, así como á eliminación de trámites administrativos innecesarios que dificultan as relacións dos cidadáns coa Administración pública, e impiden, neste caso á ACSUG, unha maior axilidade no exame e tramitación das solicitudes.

De conformidade co anteriormente sinalado, unha vez emitido o informe do Consello de Dirección da ACSUG, esta consellería, facendo uso das atribucións que lle están conferidas na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e en virtude do establecido na disposición derradeira segunda do Decreto 270/2003, xa mencionado

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Mediante esta orde regúlanse os distintos supostos nos cales se reconece a cualificación automática do profesorado, para poder ser contratado como persoal docente e/ou investigador polas universidades galegas, nalgunha das figuras previstas nos artigos 5, 6 e 7 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, ou no establecido polo artigo 72.2º da Lei orgánica 6/2001, sen a necesidade da avaliación ou informe previo exixidos nestes artigos.

2. Cando algunha das persoas que se atopen nos supostos regulados nos artigos 2, 3 e 4 desta orde, soliciten a avaliación ou informe á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, esta, unha vez advertida a dita circunstancia, arquivará a solicitude comunicándolle ao interesado a cualificación automática que lle corresponda nos termos dos artigos seguintes que resulten de aplicación.

3. Cando os interesados non se atopen en ningún dos supostos regulados nos artigos 2, 3 e 4 desta orde, as solicitudes de avaliación ou informe que se fagan á ACSUG presentaranse e tramitaranse de acordo co procedemento establecido na Orde do 23 de xuño de 2004 pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (DOG do 5 de xullo de 2004).

Artigo 2º.-Profesores pertencentes a corpos docentes universitarios ou que se atopen habilitados de conformidade coa LOU.

1. A pertenza ao corpo de catedráticos de universidade ou a situación administrativa e académica de atoparse habilitado para o dito corpo, de acordo co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), determinará a cualificación automática para poder ser contratado polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador.

2. A pertenza ao corpo de profesores titulares de universidade ou a situación administrativa e académica de atoparse habilitado para ese corpo, de acordo co establecido na LOU, determinará a cualificación automática para poder ser contratado polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador.

3. A pertenza ao corpo de catedráticos de escola universitaria ou a situación administrativa e académica de atoparse habilitado para ese corpo, de acordo co establecido na LOU, determinará a cualificación automática para poder ser contratado polas universidades de Galicia na figura de profesor colaborador. O feito de posuír o título de doutor determinará tamén a cualificación automática para poder ser contratado nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada e profesor axudante doutor.

4. A pertenza ao corpo de profesores titulares de escola universitaria ou a situación administrativa e académica de atoparse habilitado para ese corpo, de acordo co establecido na LOU, determinará a cualificación automática para poder ser contratado polas universidades de Galicia na figura de profesor colaborador. O feito de posuír o título de doutor levará consigo tamén a cualificación automática para poder ser contratado na figura de profesor axudante doutor.

Artigo 3º.-Profesores que obtivesen a avaliación positiva da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

1. A avaliación positiva da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para a figura de profesor contratado doutor determinará a cualificación automática para poder ser contratado polas universidades de Galicia nas figuras de profesor de universidade privada e profesor axudante doutor.

Artigo 4º.-Profesores que obtivesen a avaliación positiva en órganos de avaliación.

1. As avaliacións positivas ou informes favorables obtidos en outros órganos de avaliación, que as leis do Estado ou doutras comunidades autónomas determinen, para as figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador determinarán a cualificación para poder ser contratado polas universidades de Galicia, nas figuras en que se obtivesen as referidas avaliacións positivas ou informes favorables cando, a través das disposicións legais que resulten de aplicación, así se estableza, ou cando así se estipule a través de convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A convalidación das avaliacións positivas ou informes favorables obtidos nos órganos de avaliación que as leis doutras comunidades autónomas determinen, entre as distintas figuras contractuais, especificaranse nas cláusulas dos respectivos convenios ou concertos que se asinen coa Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Os convenios que se asinen nos termos dos puntos anteriores deberán publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición transitoria

Para os efectos do disposto na disposición transitoria segunda do Real decreto 774/2002, de 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitario e o rexistro dos concursos de acceso respectivos, segundo a redacción dada polo Real decreto 338/2005, do 1 de abril, a avaliación positiva da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para a figura de profesor contratado doutor, determinará a cualificación automática para poder ser contratado polas universidades de Galicia na figura de profesor colaborador ata o 30 de setembro de 2007.

Disposición derogatoria

Queda expresamente derogada a Orde do 7 de setembro de 2004 (DOG do 14 de setembro) pola que se establece o procedemento específico de avaliación ou informe pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para a contratación polas universidades de Galicia nos supostos de solicitantes pertencentes a corpos docentes universitarios ou que se atopen habilitados de acordo coa Lei orgánica 6/2001, de universidades.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase expresamente ao director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia para ditar as disposicións necesarias de desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2005.

Laura Elena Sánchez Piñón

Conseleira de Educación e Ordenación Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Orde do 29 de agosto de 2005 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As eleccións do pasado mes de xuño ao Parlamento de Galicia, que desembocaron na alternancia do goberno, incidirán inevitablemente sobre o proceso de elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2006, que deberá experimentar os axustes necesarios para conseguir que non sufran alteración os prazos ordinarios establecidos para a súa presentación no Parlamento.

O cambio da orientación política do goberno trasladarase agora aos programas de actuación económica e social configurados a través das leis orzamentarias, sen prexuízo da continuidade de aspectos básicos e de enunciados compartidos que corresponden ao interese xeral e aos requirimentos dun país cohesionado.

A confección dos orzamentos do próximo exercicio quedarán enmarcados nun escenario de programación plurianual que se estenderá ao período 2005-2009, e que terá entre os seus principais obxectivos aumentar a calidade e a extensión dos servizos públicos, nucleados arredor da educación e da sanidade, pero que deberán avanzar decididamente noutras áreas non menos importantes, como o apoio ás persoas dependentes, as axudas ás familias, e a loita contra a exclusión social.

Nada diso será posible sen o sostemento do crecemento económico, que neste sentido pasa pola priorización de políticas e de recursos destinados á creación dunha economía moderna e competitiva, con capacidade propia de xeración de riqueza e de

expandir a capacidade produtiva, e, como consecuencia, de reducir as diferenzas de renda e emprego que nos separan dos países europeos máis avanzados, suprimindo progresivamente a dependencia que aínda mantemos das transferencias do exterior, nun horizonte que non poderá dilatarse por moito tempo.

Conforme as competencias que lle corresponden á Consellería de Economía e Facenda, en virtude do establecido no artigo 7.c) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, apróbanse as seguintes instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

As disposicións contidas nesta orde serán de aplicación á elaboración do anteproxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, no que se integran os correspondentes a:

a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma. Os organismos autónomos.

b) As sociedades públicas de carácter mercantil.

c) Os demais entes do sector público a que se refire o artigo 12.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 2º.-Criterios xerais para a elaboración dos orzamentos.

Na elaboración dos orzamentos do 2006 serán tidos en conta os seguintes criterios e prioridades de actuación:

-A consolidación e mellora do sistema de benestar e de protección social.

-O reforzamento das políticas orientadas á consecución dunha economía competitiva (investigación, desenvolvemento e innovación; infraestruturas; apoio á iniciativa empresarial e aos sectores estratégicos) capaz de crear emprego estable e de calidade.

-A potenciación do gasto en capital humano, con especial atención á educación, á formación de traballadores, e ao sistema universitario.

-A posta en valor do territorio, mediante a implantación de políticas adecuadas de sustentabilidade ambiental, de habitabilidade e de calidade urbana.

-O impulso da normalización lingüística, da cultura e dos sinais identificarios de Galicia.

-A evolución dos gastos correntes non será superior á dos ingresos desa condición, coa finalidade de que non se vexan afectadas as taxas de aforro destinadas ao financiamento de investimentos.

-O cumprimento dos compromisos de estabilidade orzamentaria asumidos pola Comunidade Autónoma e as disponibilidades financeiras existentes constituirán o límite dos créditos que poderán ser asignados aos diferentes programas de gasto.